



Expediente núm.: 289/2024
Resolución de Alcaldía e bases
Procedemento: Convocatoria I Concurso de Marcapáxinas
Asunto: I Concurso de Marcapáxinas pola Igualdade
Documento asinado por: O Alcalde

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 24 de abril de 2024, por Providencia de Alcaldía, considerouse conveniente efectuar a convocatoria para o I Concurso de Marcapáxinas pola Igualdade

RESOLVO,

PRIMEIRO. Aprobar o I Concurso de Marcapáxinas pola Igualdade, por procedemento de concorrencia competitiva, co texto que figura a continuación da presente resolución.

Asinado dixitalmente ao marxe.

O Alcalde,

José M^a Bello Maneiro

I CONCURSO DE MARCAPÁXINAS POLA IGUALDADE

Bases reguladoras para o I Concurso De Marcapáxinas pola Igualdade para alumnos de Primaria do CEIPP de Baño Xanza e CEP Plurilingüe Xesús Ferro Couselo organizado polo Concello de Valga

PREÁMBULO

O Concello de Valga co fin de espertar o interese dos nenos e nenas do municipio pola lectura e o arte como expresión cultural motivo de alegría e diversión e a súa vez sensibilizar sobre a necesidade de promover unha sociedade na que non exista desigualdade entre homes e muller, convoca o I concurso de marcapáxinas.

Por este motivo, e para manter viva a lingua galega, o concello convoca este concurso de creación de marcapáxinas pola igualdade





BASES DA CONVOCATORIA PARA O I CONCURSO DE MARCAPÁXINAS PARA ALUMNOS DO CEIPP BAÑO XANZA E CEP PLURILINGÜE XESÚS FERRO COUSELO DO CONCELLO DE VALGA

1. OBXECTIVO

O concurso ten por finalidade o deseño de un marcapáxinas que promova a igualdade entre homes e mulleres, cuxo deseño deberá incluír unha mensaxe en galego e un debuxo pola igualdade.

O obxectivo é promover o uso da lingua galega no ámbito educativo, así como promover a lectura, escritura, expresión e comprensión escrita da lingua galega. Ademais de fomentar a igualdade entre homes e mulleres no municipio.

2. PARTICIPANTES

1. Poderán tomar parte neste concurso todos os estudantes de Primaria do CEIPP Baño Xanza e CEP Plurilingüe Xesús Ferro Coucelo
2. A participación será individual
3. Utilizarase un pseudónimo
4. Só se poderá presentar un marcapáxinas por participante

3. DIMENSIÓNS SOPORTE E CONTIDO

Cada deseño debe presentarse en soporte cartolina ou papel fotográfico con unhas dimensións de 20 x 7

A técnica será libre, usándose as dúas caras:

1. Cara A na que irá o debuxo e a frase. O debuxo e a frase deberán referirse a igualdade entre mulleres e homes
2. Cara B o Pseudónimo

O deseño do marcapáxinas debe ser orixinal e inédito

4. CONCURSO

A metodoloxía do concurso levarase a cabo da seguinte maneira:

O Concello de Valga recibirá as participacións segundo o exposto na base 5.

O xurado valorará a orixinalidade, a imaxinación, creatividade

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade, obxectividade e non discriminación. A resolución será inapelable e os premios poderán declararse desertos se o xurado así o considera oportuno.





5. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes de participación será ata o **3 de xuño de 2024**, ás 15:00 horas.

A entrega será en formato físico no centros educativos participantes. Xunto co marcapáxinas deberá cubrirse unha ficha de inscrición e entregar un sobre pechado onde figure o nome, apelidos curso e centro ao que pertencen.

Toda a documentación será despois recollida nos centros educativos por técnicos do concello para darlle rexistro e proceder a valorar.

6. PREMIOS

Entregaranse dous premios:

- 1º premio: publicación do marcapáxinas gañador e agasallo
- 2º premio: agasallo

Entregarase un diploma acreditativo a cada gañador

Unha vez feita a publicación do marcapáxinas, este será repartido entre o alumnado dos centros educativos, bibliotecas...

7. NORMAS XERAIS

Os participantes ceden os dereitos de publicación para a divulgación do marcapáxinas gañador e do segundo clasificado.

Os marcapáxinas entregados fora de prazo quedarán excluídos, ademais tamén quedarán excluídos os que carezan do sobre cos datos identificativos ou os que non se axusten ao tamaño ou tema sinalado.

8. COMPOSICIÓN E COMPETENCIAS DO XURADO

O xurado estará composto por:

- Técnico de normalización lingüística do concello
- Concelleiro de Cultura
- Técnico responsable da Biblioteca
- Técnico do concello relacionado coa área de Cultura

O xurado valorará a orixinalidade, a creatividade así como a imaxinación.





O xurado resérvase o dereito a deixar deserto o concurso baixo os criterios de adecuación ao obxectivo do concurso ou á calidade.


Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado, sen que contra a súa decisión proceda reclamación algunha.

O feito de participar no concurso supón a aceptación expresa do fallo do xurado. As decisións do xurado serán inapelables.





ANEXO I: MARCO MARCAPÁXINAS





CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

